

Estrada Estrada, Berta Lucía. 2017. *...de ninfas, hadas, gnomos y otros seres fantásticos. Un viaje por los personajes que alimentan la fantasía en todos los tiempos*. Madrid: Grupo Editorial Sial Pigmalión.

Os mitos, lendas e contos de todos os tempos e lugares do mundo recollen personaxes fantásticos que crean un imaxinario común, o cal Berta Lucía Estrada Estrada nos ofrece neste libro a modo de catálogo titulado “...de ninfas, hadas, gnomos y otros seres fantásticos. Un viaje por los personajes que alimentan la fantasía en todos los tiempos”. A propia investigadora indica que a obra se perfila como un manual de literatura para docentes, animadores de lectura, lectores e estudantes no percorrido da literatura fantástica, especialmente no relativo ao rol histórico e social que xogaron na historia real e/ou nas distintas narracións. Ademais, Estrada indica que as moitas lecturas que lle permitiron realizar esta obra se complementan coas propias experiencias vividas en diferentes culturas e países, “algunos reales y otros imaginarios, y no por ser imaginarios son menos reales; esa es la magia de la literatura” (Estrada, 2017: 9).

As personaxes que principian este catálogo son as bruxas ou feiticeiras. Trátase de figuras lendarias cuxa orixe se remonta á época dos faraóns exipcios e seguiron aparecendo na Grecia Antiga, mais perfiláronse como seres maléficos no Medievo. A súa persecución iniciouse no século XIV cando a súa sabedoría e coñecementos sobre as propiedades das plantas, así como a profesión de relixións antigas precristiás de orixe panteísta, foron considerados de carácter demoníaco. Así, o cristianismo comezou a caza de bruxas que a Santa Inquisición fixo efectiva mediante queimas, torturas e vexames sen límites. A autora indica que se trata dunha represión relixiosa e sexual e

que incluso lle outorgaba prestixio e beneficios económicos aos “cazadores”. Ademais, tamén fai unha diferenciación entre as magas, anciás benevolentes que invitaban á protección, e as bruxas, fermosas mulleres que incitaban ao descanso e á paixón que se transformaban en mulleres diabólicas e horrendas, e aclara que as obras infantís e xuvenís actuais tenden á desmitificación do arquetipo.

A seguinte aproximación que fai a autora é a versión masculina das bruxas: os magos e druídas. Neste caso domina a caracterización positiva e a autora fai a súa exposición a través da figura do mago Merlín, un personaxe de orixe histórica que loita contra as forzas do mal independentemente de onde proveñan. A súa caracterización está a camiño entre o mago e o druída, sacerdotes celtas que exercían funcións políticas e xudiciais e que habitaban nos bosques, xa que Merlín é fillo dunha princesa que quedou embarazada mentres durmía dun anxo caído, e criado posteriormente por un druída. Así, herdou da súa nai o coñecemento das herbas; do pai, o don da segunda visión que lle permitía ver o futuro; e do seu pai adoptivo, a familiaridade coas prácticas druídicas, como a astroloxía, os feitizos e a transformación dos seres humanos en outras criaturas viventes ou obxectos inanimados. Para continuar a súa exposición, Estrada relaciona o personaxe de Merlín co mago protector Gandalf, concibido por J. R. R. Tolkien para o universo literario da Terra Media, ou Albus Dumbledore, o director de Hogwarts e definido na ficción pola súa autora, J. K. Rowling, como o mago máis grande do tempo presente.

Os seguintes seres que nos presenta a investigadora son os Ents, cuxo expoñente máis recoñecido se atopa na obra de Tolkien *The Lord of the Rings* a través do personaxe de Bárbol. Trátase de figuras míticas coa misión de ser pastores doutras árbores máis pequenas. En efecto, a autora destaca que as árbores, as plantas, as flores, os lagos e os ríos xogaron un papel moi importante no pensamento relixioso das comunidades campesiñas independentemente da rexión de orixe, polo que tamén estiveron presentes na cultura e ritos de todas elas. Na mesma obra onde se nos presenta a Bárbol tamén se fala dos elfos, quen protagonizan o seguinte capítulo da monografía. Estrada (2017, p. 41) fala deles como fantásticos seres que “pertenecen a épocas legendarias, donde los sueños y recuerdos se entremezclan, y la realidad y la fantasía tienen barreras muy débiles”. Non obstante, trátase dun capítulo menos extenso e pouco esclarecedor en comparación cos anteriores, que trazan unha

evolución histórica que relaciona cada personaxe coas crenzas e a literatura popular de distintos lugares arredor do mundo.

A autora profunda noutras criaturas e personaxes fantásticos que seguen deleitando a novos e maiores até o día de hoxe como dragóns, xenios, fadas, ananos, trolls, gnomos e cisnes; ademais, tamén fai referencia a personaxes humanos como heroes míticos, poetas e músicos ou espíritos mensaxeiros. De todos eles ofrécense ricas e variadas referencias literarias procedentes de diversos lugares arredor do mundo, entre as que se repiten en varias ocasións relatos do ciclo artúrico, a obra de Tolkien ou as historias protagonizadas por Harry Potter escritas por J. K. Rowling. En contrapartida a esta abundancia de referencias que ilustran e xustifican as explicacións de Estrada, denótase unha grande incidencia do gusto e criterio persoal da autora que a leva a realizar comentarios totalitarios acerca de diversas narrativas que non reforzan nin melloran a calidade do monográfico como estudo de investigación, senón o contrario.

Por último, cabe destacar a referencia a personaxes menos coñecidos e asentados no imaxinario colectivo como os “isumbochi” ou as “ondinas”. O primeiro tipo corresponde á versión oriental do conto de Polgariño, cuxo tamaño reducido contrasta cunha intelixencia aguda e un desexo moi forte por coñecer e viaxar polo mundo. Por outra parte, as “ondinas” son as ninfas ou divindades femininas coñecidas con diversos nomes en función do lugar de onde procede a historia, pero das cales Estrada ofrece unha clasificación moi esclarecedora que as divide en: “dríadas” ou ninfas dos bosques, “oréades” ou ninfas dos montes, “nayádes” ou ninfas das fontes, “ondinas” ou ninfas das lagoas, “sílvides” ou ninfas do aire e “salamandras” ou ninfas do lume.

A monografía de Estrada presenta clarescuros na súa identificación como un estudo de investigación literaria. Por unha banda, amosa gran riqueza de referencias literarias, históricas e xeográficas que parten, en moitas ocasións, de obras clásicas, contemporáneas e herdeiras da literatura popular; por outra banda, presenta unha excesiva subxectividade á hora de introducir estas narrativas mediante afirmacións que non achegan valor ao que se argumenta, xa que non son xustificadas nin dan lugar a refutacións. Pese a isto, trátase dunha obra de fácil acceso e moi interesante para todas aquelas persoas estudosas ou amantes da literatura, especialmente a fantástica, que chama a atención sobre unha realidade: independentemente do lugar, do tempo ou da

situación social, política ou económica, a humanidade leva dentro dela unhas inquiredanzas universais que toman forma a través dun imaxinario colectivo que os autores e autoras de cada época van actualizando e enriquecendo.

*Rocío G-Pedreira*

CIEC-IE-Universidade do Minho/

ICE-Universidade de Santiago de Compostela